



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TOURO

*Declaración de persoal laboral fixo na praza de auxiliar axuda no fogar*

**EXPEDIENTE 2022/E001/000013: PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE TOURO. DECLARACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO NA PRAZA DE AUXILIAR AXUDA NO FOGAR.**

### ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía núm. 353/2023 de data 20 de decembro de 2023 resolveuse

**PRIMEIRO.** De conformidade co establecido no artigo 19 das Bases que rexen a convocatoria (BOP núm. 247 de 30.12.2022), vista a proposta do Tribunal, e visto que a persoa aspirante posúe os requisitos esixidos nas Bases, acórdase declarar persoal laboral fixo do Concello de Touro na praza e características que seguidamente se relacionan á seguinte persoa por aprobar o proceso selectivo convocado:

Apelidos e nome	N.I.F.	Código RPT	Denominación da praza	Grupo	Tipo de adscrición
María Puga Pereiro	***6956**	03.00.00.04	Auxiliar axuda no fogar	V	Definitiva

**SEGUNDO.** De acordo coas Bases, a formalización do contrato no caso do persoal laboral fixo efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da notificación da Resolución da contratación.

**TERCEIRO.** De conformidade coa Base Décimo Novena das Bases que rexe o proceso selectivo, publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web Municipal do Concello de Touro.

**CUARTO.** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, perante a xurisdición Contencioso-Administrativa segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa ou, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición perante o alcalde presidente do Concello de Touro no prazo dun mes, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Touro 20 de decembro de 2023.

O Alcalde

Roberto Castro Rocamonde

2023/10062